

ADXUDICACIÓN

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia, SA) convocou un Procedemento Aberto para a contratación do servizo, **“ATSP250201-Redacción do anteproxecto e dos proxectos básicos e de execución e dirección das obras das fases previa e final do plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF)”** cumpríndose os trámites en materia de contratación, así como os requisitos establecidos no Prego de Bases.

Realizados os estudos pertinentes pola Mesa de Contratación e, de acordo coa proposta formulada pola mesma, o Consello de Administración de SPI-Galicia na reunión celebrada o día 25 de xuño de 2025, clasificou (por orde decrecente) as proposicións presentadas polos licitadores non excluídos. Presentada a documentación en prazo por parte da empresa clasificada en primeiro lugar.

O Presidente de SPI Galicia, SA resolve:

Primeiro.- Adxudicar o contrato á empresa **LÓPEZ FANDO Y ASOCIADOS, S.L.P.** por un importe de **tres millóns cento setenta e tres mil cincocentos vinte e nove euros con sesenta e oito céntimos (3.173.529,68 €)** IVE non incluído, cunha baixa do **4,00%**.

Segundo.- Que pola empresa adxudicataria se proceda á firma do contrato na contía, forma e prazos que determina o Prego de Bases.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso en materia de contratación de acordo co estipulado na LCSP segundo se recolle no apartado 2.1. do Prego.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Presidente do Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A.
Francisco Menéndez Iglesias

